

O PESO E O VOLUME DOS OBXECTOS:

Todas as cousas que nos rodean pesan e ocupan un espazo. O **peso** dun obxecto depende da cantidade e do tipo de material con que está feito.

Hai obxectos moi pesados e outros menos pesados.

Para medir o peso dun obxecto utilizamos a **balanza**.



O **volume** é o espazo que ocupa un obxecto. Un avión ou unha casa ocupan moito espazo; un obxecto pequeno, como unha moeda, ocupa pouco espazo.

Para medir o volume dun obxecto pequeno introducímolo nun recipiente graduado cheo de auga. Despois comprobamos canto subiu o nivel de auga.



Dependendo da súa forma e do material co que están fabricados, os obxectos flotan ou afondan na auga.



OS MATERIAIS CAMBIAN:

Os materiais poden estar en tres estados diferentes: **sólido**, **líquido** ou **gasoso**. Igual que ocorre coa auga, algúns materiais **cambian de estado** ao quecer ou ao arrefriar.

Hai materiais, como os metais, que cando quecen aumentan de tamaño, é dicir, **dilátanse**. Se os deixamos arrefriar, recuperan o seu tamaño normal. Algúns materiais, como a madeira e o papel, **arden**. Cando se queiman, **transfórmanse** noutras substancias.



O ferro a altísimas temperaturas
está en estado líquido.




A madeira ao arder transfórmase
en borrala e fume.


En ocasións mesturamos materiais para obter outros diferentes. Por exemplo, o formigón está composto por cemento, area, auga e pedriñas.



1) Pensa e marca en cada caso o obxecto que máis pesa.



2) Marca os obxectos que flotan na auga.



3) Marca os materiais que están en estado sólido.



4) Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ Os materiais poden ter tres estados: sólido, líquido ou gasoso.
- ☐ Os materiais flexibles pódense dobrar sen romper.
- ☐ Os obxectos pequenos ocupan pouco volume.
- ☐ A balanza serve para medir o espazo que ocupa un obxecto.

5) De que depende o peso dun obxecto? Marca a opción correcta.

- ☐ Da cor e do olor que ten o obxecto.
- ☐ Da forma que ten o obxecto.
- ☐ Da cantidade e do tipo de material con que está feito o obxecto.

6) Que lle ocorre ó ferro cando quece? Marca as opcións correctas.

- ☐ Cando quece, o ferro reduce o seu volume.
- ☐ Cando quece, o ferro dilátase.
- ☐ Se aumenta moitísimo a súa temperatura, arde.
- ☐ Se aumenta moitísimo a súa temperatura, cambia de estado.

7) Que utilizarías para medir o volume dunha laranza? Marca.

